

## A OUTRA MIRADA ●●●

## Pensamentos imperfectos

Diego Ameixeiras Escritor

## MEMORIA DA ESTUDANTE AGLOMERADA

Son tempos difíciles para aglomerarse. A policía dissolve botellóns, festas clandestinas, reunións que xogan coa saúde de todos. Hai una foto histórica que inmortalizou unha fermosa aglomeración na rúa Nova de Abaixo, en Santiago, un xoves de outono de 1998. Tirouna Xosé Miguel Castro, un estudante que botou unhas semanas en La Voz facendo prácticas como fotoxornalista. *A identidade fasciada* (Galaxia, 2015), novela de Antonio Piñeiro sobre as aventuras universitarias da súa xeración, empregouna como reclamo na portada. De cando en vez vézmosla nestas páxinas acompañando informacións que nos devolven a aqueles anos tan aglomerados. A instantánea recolle o espírito dunha noite de xoves coa rúa ategada de baby-boomers tomando copas, en ac-

titude de verbena permanente, investigadores de estímulos, reticentes á luz diúrna para desgraza dos veciños madrugadores. Vista cos ollos de hoxe, que despreocupada inmediatez transmiten eses estudantes aínda medio grunges, que resacas se albiscan nos seus horizontes. Hoxe sería imposible esa fotografía. Non só pola crise sanitaria que vivimos, senón porque a cidade hai anos que deixou de ser un campo de manobras para a diversión estudantil en masa. Os únicos que se aglomeraban ultimamente polas rúas compostelás, ata a chegada da covid, eran as columnas de peregrinos. Xosé Miguel Castro estivo brillante inmortalizando unha aglomeración que xa non volverá. Aquela rúa Nova de Abaixo foi soterrada polo vento da historia.

«Oh, Jeanne, que camiño tan



ILUSTRACIÓN: PILAR CANICOPA

estranho tiveren que tomar para atopar parte». Con ese corolario remata *Pickpocket*, a obra mestra de Robert Bresson, parafrase Espí dor de *Crime e castigo*, de Fiódor Dostoievski. O protagonista alu-

clásicas, anteriores a este marzo, como a que captou un fotógrafo en prácticas a finais dos 90, están a ser substituídas por tumuldas anómalas, dificilmente comprensibles para un observador de

hai dúas décadas. No cume dun monte de Lleida vimos centos persoas amoreadas para facerse unha foto, subliñando unha tendencia social á aglomeración rara, motivada por propósitos enigmáticos, que xa vén de antes da pandemia. Todos temos nostalgia deses días en que para aglomerarnos non era necesario atacar un alto pirenaico, nin disfrazarse de montañeiro con pretensións. Abondaba co esforzo de buscar un bar á hora axeitada, acudir a un concerto ou convocar amigos con aire desmedido. Pero vivimos tempos incertos, unha época de estraños rodeos. Días de desvíos bressonianos cara a un lugar onde oxalá teñamos constancia de estar acertando, aínda que agora non o pareza. Triunfa o colapso nos montes, querida Jeanne. Que alguén poña en Santiago unha placa en memoria da estudante aglomerada.

## Ex umbra in solem

Ramón Nicolás

## CARTOGRAFÍAS DA DOR

É a primeira incursión da xornalista Nazaret López no ámbito da narrativa e preséntase coa recreación dunha historia máis ou menos común como é a ruptura das relacións de parella, mais faíno a través do punto de vista da protagonista en primeira persoa, que dialoga cun «ti» sempre ausente e doutra voz en terceira, que sobrevoa e releta as situacións emocionais, sempre a través de pequenos fragmentos narrativos, que viaxan de adiante cara a atrás sen nunca perder a perspectiva.

A ficción aliméntase nas dinámicas que adquire esa relación de desamor establecida en parámetros claramente distantes: a figura masculina aparece e reaparece escasamente e sempre ao seu antollo mentres que a protagonista é quen sofre, case en exclusividade, as consecuencias da ruptura que a dirixen a un abismo teima sempre en sondar os rescaldos que aínda, dalgún xeito, avivecen esa relación de días compartidos, mais tras evidenciar un presen-

te construído cos ecos máis escuros da quebra e logo de albisca un futuro cheo de abatemento, só atopará acubillo e apoio no proceso de reconstrución persoal nos afectos do seu fillo, do seu irmán e, sobre todo, na sororidade que ofrecen as figuras das amigas, sen esquecer a práctica da pintura artística que lle outorga máis sentido poliédrico ao título da novela. Todo isto de mans dadas todo cunha banda sonora ampla e acaída que axuda ao proceso de cicatrización das feridas e a que esa vulnerabilidade que exhibe se transforme en fortaleza para abrir as portas á esperanza.

A novela abéirase, as máis das veces, a unha prosa moi acaída para a tensión emocional do seu contexto, que non rifa cunha tonalidade case lírica en ocasións. Ao tempo, convén anotar no seu haber o coitado rexistro que a arroupa, alén de ser unha proposta de asunto pouco frecuentado e aínda menos desde o punto de vista que abraza. Unha estrea afortunada, sen dúbida.



«FORMIGAS NOS PÉS»

**A autora amosa nesta estrea afortunada unha prosa acaída para a tensión emocional no relato dunha ruptura de parella**

NAZARET LÓPEZ  
●●● EDITORIAL  
XERAIS PÁXINAS  
124 PREZO 15

## Lecturas na xanela

Miguel Mato Fondo

## O ROSTRO TERRIBLE QUE NOS ESPREITA

A literatura de Dubravka Ugrešić, escrita desde a perspectiva da ruína, faíno cidadáns dun pardiñeiro desde o que nos esforzamos por ollar e reflectir o mundo. Dela coñecemos sobre todo, *Zorro* (Impedimenta).

*Baba Yaga Laid An Egg* inspírase na figura terrífica da bruxa trasladada ao noso tempo, para contar un conto de fadas moderno, adoptando novas formas como a dunha escritora que regresa a Bulgaria, e tres mulleres que protagonizan o relato: Beba, Kukla e Pupa. Todas elas conflúen na tradición literaria que representa Baba Yaga. E, precisamente, a terceira parte da obra expón os paralelismos entre o texto literario e Baba Yaga, en relación especial cos tres personaxes femininos. BY é a suma de contrarios, mala ou boa, valedora que traizo; voa, mais está ligada á terra. Marxinada, marxinal, solitaria e perdedora; moradora dun espazo inhóspito para o humano. A autora actualiza o mito desde unha obra que trata sobre as desigual-

dades de xénero. As mulleres sofren por seren mulleres, ou debido á clase social ou á súa etnia. Baba Yaga é o rostro terrible desas mulleres protagonistas da obra, independentes, estudosas do folclore que interpreta ao seu modo, sen familia, a soidade éles necesaria na súa vida. A nai da protagonista, ao preguntarlle polas súas actrices favoritas (Liz, Marilyn, Ava, Ingrid ou Bette) está desafiando o paso do tempo, como a bruxa no folclore. Elas fan parte do carácter feminino da bruxa, a súa reencarnación nas personaxes de Kukla e Buba. Ugrešić trata as desigualdades e discriminacións de xénero na sociedade. Sendo « cidadán dunha ruína», interésalle a complexidade dunha «condición chamada exilio», exploran traumas do exilio, pero tamén a emoción da liberdade deste.

Interesante obra, entre o relato de ficción e o ensaístico, dentro dunha longa tradición literaria onde podemos contemplar as figuras malditas que fan parte da nosa memoria.



«BABA YAGA LAID AND EGG»

**Ugrešić trata as desigualdades de xénero na sociedade. Interésalle a complexidade da condición chamada «exilio»**

DUBRAVKA  
UGREŠIĆ  
●●● EDITORIAL  
CANONGATE  
BOOKS  
PÁXINAS 327  
PREZO 26,99